

Ola rapazas e rapaces. Estadades facendo moito, non falo samente de tarefas do cole, que tamén, estadades sendo un exemplo de creatividade, imaxinación, colaboración, alegría, compañeirismo, solidariedade...estou moi orgullosa de todos vos. Propoño estas tarefas para esta semana.

LENGUA CASTELLANA

Recapitulando:

- Antes de b y p se escribe m.

-Existen unas palabras, los pronombres, que son palabras para nombrar a personas y animales sin decir su nombre:

yo,

tu,

el/ella

nosotros/as

vosotros/as

ellas/ellos.

La página 142 del libro de lengua castellana es un repaso de esto. Además leeremos la lectura teatro de la pagina 146-147 y contestaremos las preguntas en la 148.

CIENCIAS SOCIAIS

Rematamos xa o tema anterior e comezamos co tema titulado: O mundo que nos arrodea:

A PAISAXE

Unha paisaxe é todo o que vemos dende un lugar. Hai elementos naturais (montañas, ríos...) e elementos construídos (estradas, cultivos...).

As paisaxes cambian, as personas as transformamos.



No berbés chegaba o mar e saían dende as casas coas súas barcas a pescar.

As paisaxes poden ser de costa ou interiores. As paisaxes de costa están preto do mar. Vigo, Pontevedra, Coruña, Viero, Barcelona...son cidades de costa.

Nunha paisaxe de costa pode haber:

Acantilados ou **praias**.

Illa: porción de terra rodeada por auga. Por exemplo: San Simón.

Un grupo de illas forma un **arquipélago**. Por exemplo: as famosas Cíes.

Península: porción de terra rodeada de auga por todas partes agás por unha.

Cabo: porción de terra que entra no mar. O Cabo Fisterra é un bo exemplo.

Golfo: entrada do mar na terra. Cando é pequeno chámase baía.

Preguntas:

Que é unha paisaxe? Que é unha paisaxe de costa? Que pode ter unha paisaxe de costa?

CIENCIAS NATURAIS

Seguimos co tema das plantas.

Segundo sexa o seu talo as plantas divídense en árbores, arbusto e herbas.

As árbores teñen un talo duro, o tronco. Exemplo: carballo.

Os arbustos son máis pequenos cas árbores e o talo mais estreito. Exemplo: O toxo.



As herbas son pequenas e teñen un talo fino e flexible.

As árbores e os arbustos poden ser de folla perenne, teñen follas durante todo o ano ou de folla caduca que perden as follas cando chega o frío.

Pregunta ou busca dúas árbores perennes e dúas árbores caducas.

Segundo a zona medran diferentes plantas cambiando as paisaxes:

Nos bosques hai árbores.

Nas praderías herbas.

Nos desertos hai moi poucas herbas ou arbustos pola falla de auga.

Nas beiras dos ríos ou lagos medran plantas que precisan moita auga.

As plantas serven de refuxio e de alimento para moitos animais.

Pregunta: para que usan as plantas os animais?

Moi boa semana!